| Código do documento | Código do expediente |
| --- | --- |
| USG14I002X | USG/2020/19 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) 4X28 3R2T 366M 6W4Q 09EF | |

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE.**

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. Alcaldesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, e asisten:

**Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
Dª MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
Dª. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
Dª. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
Dª. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
Dª. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

**Polo Grupo Político Popular:**

Dª. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA
D. ALFONSO RICO VEREA

**Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

Dª. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

**Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

Dª. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
Dª. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro e o sr. concelleiro don Enrique Antón Chouciño Garrido.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA EN DATA 26/12//2019**

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, de 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión celebrada en data 26/12//2019, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión celebrada en data 26/12/2019, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión celebrada en data 26/12/2019.

**2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA A SERVIZO DE PEDIATRÍA**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 10 de xaneiro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"DIEGO TAIBO MONELOS, en representación do Grupo Municipal dos Socialistas de Culleredo de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación ó servizo de pediatría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia.

Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recurrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.

Noutros centros, a ausencia de pediatra cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta problemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, sendo un exemplo máis de:

- Manifesta falta de compromiso do goberno galego hacia o rural da nosa provincia.

- Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.

- Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.

O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría:

- Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa

- Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais

- Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un plantexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para  cidadanía.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1. Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.
2. Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
3. Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.
4. 4. Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.
5. Continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que é sobradamente coñecido que en Galicia e no resto de España tamén existe un déficit de pediatras sendo España un dos poucos países que aposta pola pediatría en atención primaria e Galicia unha das comunidades con maior taxa de cobertura de asistencia pediátrica que se aproxima ao 90%; que a Sanidade pública galega dispón dos recursos necesarios para dar unha cobertura asistencial e é evidente que unha situación de paro que se aproxima a cero en medicina familiar e paro cero en pediatría que afecta a todas as comunidades autónomas representa unha grande dificultade imposibilitando a cobertura de todas as ausencias dos titulares aos que hai que agradecer o esforzo que fan para garantir a excelente calidade asistencial da que dispoñemos; que quere explicar, dado o que o PSdeG-PSOE pide na súa moción, que desde a Consellería, desde o Servizo Galego de Saúde, xa se leva anos tomando esas medidas e respecto do dito sobre estabilidade nos contratos di que o 88% da plantilla estrutural do Servizo Galego de Saúde ten carácter estable; que o 86% do persoal facultativo é estable; que o 96% dos médicos de familia son estables e os pediatras acadan o 100%; que con respecto ao segundo punto, relativo a prorrogar a idade de xubilación, di que, xa desde o 2015, 116 médicos de familia e 20 pediatras en atención primaria acolléronse a esta prórroga, estando aberto o concurso de traslados permanentemente.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que con respecto ao indicado sobre aumentar as prazas do MIR foi Galicia a que logrou o maior aumento de prazas convocadas nos últimos 10 anos na especialidade de pediatría, elevando un 35% a súa capacidade docente nesta especialidade polo que cada ano se poden formar sete pediatras máis por curso nos hospitais da rede pública galega; que tamén no ano 2016 se convocaron dez prazas de pediatría en atención primaria, no ano 2017 catro prazas de enfermería especialista en atención pediátrica e na oferta do 2018 hai cincoenta e oito prazas de pediatría de atención primaria, vinte e sete de facultativos especialistas de área  e catro de enfermería especialista en atención pediátrica e agora, no 2019, hai trinta e cinco prazas de pediatría de atención primaria, seis de facultativos especialistas de área e dez de enfermeiro/a especialista en enfermería pediátrica; que as medidas a adoptar pasan inexcusablemente pola participación de todos, de todas as administracións públicas, todos os profesionais e a cidadanía porque todos son responsables de manter o que tanto



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

tempo levou construír, impoñéndose o diálogo e as decisións compartidas e non todas as medidas corresponden á administración autonómica pois esta necesita do goberno central e doutras administracións.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a Sra. García Gorostizu quere mostrar un mundo ideal pero que eles para a súa moción baseáronse nun estudo feito no propio Concello de Culleredo onde se puido detectar que non se cumpren para nada os obxectivos aconsellados; que concretamente as tarxetas que hai en pediatría son 4527 en total, sendo o máximo que se establece por pediatra de 1000 tarxetas, excedendo tres de cada catro pediatras en máis de 1000 o número de tarxetas que pode tramitar un concello como o de Culleredo; que se a voceira do grupo político Popular intenta ademáis facer unha defensa da estabilidade laboral do persoal sanitario do SERGAS considera que está nun erro pois a miúdo se pode ver como compañeiros e compañeiras profesionais sanitarios que teñen contratos por día e non poden ir de vacacións a sitio ningún porque teñen que estar pendentes por se son chamados pois se non contestan no momento son relegados ao final da lista, sendo en moitas ocasións os contratos que asinan dun só día, chegando a acumular nun ano 200 ou 240 contratos, o que non indica precisamente un exemplo de estabilidade laboral nun sistema sanitario dun país que debería ter outros compoñentes; que a Sra. García Gorostizu recoñece que efectivamente hai un déficit na prestación do servizo de pediatría polo que a invita para que se sume á moción que se presenta.

Solicita novamente o uso da palabra a Sra. García Gorostizu e, unha vez concedido, di que o déficit existente en pediatría é a nivel estatal, sendo o paro de cero nesta especialidade, e dubida se os datos que presenta o PSOE serán do periodo en que o dito grupo gobernaba o país pois a día de hoxe a estabilidade nos contratos de pediatría é do 100% sen que haxa contratos por un día nin nada semellante polo que non sabe de onde sacou os datos o goberno socialista.

Intervén a continuación a Sra. alcaldesa en funcións e di que as cifras son actuais, de finais do ano que rematou, sendo unha queixa constante dos pediatras que se necesitan máis facultativos, unha queixa que trasladan ao concello e unha petición que se fai; que sabe que o contido da moción é un sentir xeral porque a maioría dos concellos comparten a mesma situación polo que se fai necesario que se traballen as CIS; que seguramente Culleredo non é dos concellos que arroxa peores resultados pero si se teñen que traballar esas CIS porque non vai discutir a calidade pois hai moi bos profesionais nesta área e o fan o mellor que poden pero ás veces os tempos de espera son moi grandes e as ausencias non se cubren polo que hai nenos que teñen que esperar nas salas de espera dos adultos; que os pediatras non son suficientes para o número de CIS, que son excesivas, e que xa pediron en moitas ocasións pediatras a tempo completo porque xa só o tempo que supón desprazarse dun concello a outro supon unha merma e resta tempo de atención aos pequenos.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 10 de xaneiro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis) dos sres/as: Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 10 de xaneiro de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Intervén a continuación a Sra. Alcaldesa en funcións e di que esqueceuse ao comezo da sesión de xustificar a ausencia do Sr. Alcalde, Sr. Rioboo Castro, por motivos de enfermidade, e tamén do Sr. Chouciño Garrido.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

**3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA A ATAQUES PERPETRADOS POR GRUPOS EXTREMISTAS CONTRA SEDES DO PARTIDO SOCIAISTA.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 15 de xaneiro de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"MOCION QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE CULLEREDO ANTE OS ATAQUES PERPETRADOS POR GRUPOS EXTREMISTAS CONTRA SEDES DO PARTIDO SOCIALISTA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CULLEREDO desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española nace da vontade de consenso e de reconciliación. A nosa norma fundamental no seu artigo 1.1 define que os valores superiores do noso sistema político son a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. No artigo 6 defínese aos partidos políticos como o mecanismo de expresión da pluralidade ideolóxica da nosa sociedade e conságraos como os alicerces básicos da participación da cidadanía na conformación dos asuntos públicos. Desde o Partido Socialista e o seu compromiso cos principios e os valores constitucionais que informan o noso sistema democrático queremos expresar a nosa repulsa cara aos ataques perpetrados a diversas Casas do Pobo por parte de grupos de extrema dereita e condenar, como fixemos sempre ante este tipo de actuacións, o intento de impedir a expresión libre dos valores socialistas que cada día realizan miles de persoas en sedes, grupos municipais ou en calquera foro público onde traballamos co único obxectivo de mellorar a vida e o benestar dos nosos veciños e veciñas. Tamén queremos trasladar a nosa profunda preocupación pola actuación de grupos de intolerantes contra as nosas agrupacións así como contra as sedes doutras formacións políticas que tamén se viron afectadas por ataques de grupos extremistas.

C.I.F. P-1503100-H

Nesta situación, os demócratas temos que mostrar unidade ante calquera tipo de violencia e intento de intimidación. O pluralismo político fundaméntase no recoñecemento á expresión libre das preferencias ideolóxicas, por parte da cidadanía española, porque quen comparto os valores constitucionais, somos conscientes de que a discrepancia política non é máis que un debate democrático sobre como cada opción entende que se teñen que expor respostas políticas aos problemas e desafíos que ten a nosa sociedade. Tamén temos que estar unidos e mostrar firmeza democrática, como fixemos durante estes máis de 40 anos de convivencia constitucional, ante quen quere impoñer pola forza unha intolerancia que non é maioritaria na sociedade española.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de CULLEREDO presenta a seguinte:

MOCIÓN

O Concello de CULLEREDO condena os actos violentos perpetrados contra diversas agrupacións do Partido Socialista así como do intento de ocupación da sede federal do PSOE en Madrid. "

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que lle sorprende gratamente comprobar que non son os únicos que utilizan o ideario do partido pois soa a un discurso de fondo no que cre se presentan tamén Arteixo, Cambre, e o resto de centros da comarca; que desde o PP condénase firmemente o uso da violencia en todos os medios e màxime contra sedes de partidos políticos e sobre calquera institución que represente a democracia española; que lle gustaría sen embargo que esta mesma condena que espera sexa unánime de todos os partidos se repita cando o mesmo caso lle sucedera a outros partidos pois xa se viu como cando atacaron a sede do PP en Culleredo con pintadas e incluso lume ningún partido político presentou nunca unha moción deste tipo no pleno; que nunca se fixo unha condena en

defensa da democracia e indo máis aló, o actual socio de goberno socialista favorecía o uso de escraches políticos e ata os xustificaba; que o seu grupo político non vai ser quen de poñer en dúbida o que a moción presenta e a van apoiar pero solicitan que, se no futuro a eles lles ocorre algo similar, o apoio sexa mutuo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 15 de xaneiro de 2020, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 15 de xaneiro de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA A FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do PSdeG-PSOE, de data 15 de xaneiro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"O Grupo Municipal dos Socialistas de CULLEREDO de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o finanzamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financieira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redunda, en grande medida en:

- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.

- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

1.- A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.

2.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo votará negativamente esta moción porque ao contrario do que se indica na mesma, non é certo que o Servizo de Axuda no Fogar sexa unha competencia impropia dos concellos senón máis ben ao contrario pois a Lei de servizos sociais de Galicia, aprobada cando gobernaba na comunidade autónoma de Galicia o PSOE, non só establece que lle corresponde aos concellos prestalo senón que ademáis é un servizo mínimo obrigatorio; que votará en contra tamén porque a Xunta está a facer un importante esforzo económico no financiamento do SAF ao que dedica máis de corenta e oito millóns de euros nos concellos da provincia da Coruña, cantidade catorce veces superior do que destina a Deputación da Coruña ao SAF Básico.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que Galicia é a Comunidade Autónoma de referencia en toda España en Axuda no Fogar e os datos do Imserso sinalan que na actualidade 23.884 galegas e galegos reciben coidados e atención profesional nos seus domicilios, supoñendo tamén que nos dez anos de goberno do Partido Popular de Galicia multiplicáronse por dezaséis as persoas que se benefician do Servizo de Axuda no Fogar; que non é a Xunta a que está a fallar nin en atención nin en financiamento senón que é o executivo central o que está a desatender as súas obrigas neste eido; que a Lei de dependencia establece un financiamento do 50% entre a Administración central e a autonómica pero na actualidade, do total que se destina á dependencia, Galicia paga tres cuartas partes fronte ao 24% que achega o Estado; que por todo isto, a quen hai que pedir contas é ao executivo central do PSOE pois a Xunta cumpre e é o Goberno central o que lle debe ás galegas e galegos dependentes 200 millóns de euros ao ano, cos que Galicia podería dar un impulso histórico en atención a estas persoas.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén a continuación a Sra. Alcaldesa en funcións e di que o SAF Básico si é unha competencia municipal aínda que o presuposto que se destine dependa da idea política que cada equipo de goberno teña; que unha cousa é o SAF Básico e outra distinta a Dependencia, que non é de competencia municipal.

Intervén novamente a Sra. García Gorostizu e di que na súa intervención xa dixo que a Dependencia é competencia da Xunta e do Goberno Central ao 50% e que o Estado non está a cumprir coa súa parte.

Continúa a súa intervención a Sra. Alcaldesa en funcións e di que a moción que se presenta insta á Xunta de Galicia e ao Goberno central porque non é de recibo que ao equipo de goberno se lle esixa como Concello e non se lle dean as horas que demandan como Concello para dar atención ás persoas dependentes porque se carga aos presupostos municipais unha cantidade inxente e inasumible para un Concello como o de Culleredo, que está dando as horas que está dando sen ningún tipo de lista de espera e atendendo a todas aquelas persoas que a Dependencia non resolveu; que a Xunta non cumpre coas horas que ten que dar e nen sequera informa das persoas que están en lista de espera para recibir a atención por Dependencia e non está dando as horas que o Concello necesita para atender as persoas dependentes tendo que asumir a cargo dos presupostos municipais todas aquelas persoas que todavía non foron resoltas porque non se resolven ata que se ten presuposto; que se trata dun problema importante e o equipo de goberno insta ás dúas partes porque se trata dun problema que hai que resolver e non se pode cargar como se está cargando aos presupostos municipais porque cada vez hai máis xente que o necesita e o goberno non pode deixar de pagar á xente conforme aos convenios que están establecidos pois do contrario a asistencia deixará de ser boa e cando hai un problema en Dependencia ou en Axuda a Domicilio todos se queixan porque son situacións moi delicadas, situacións que por moito que o Concello queira atender, como non respondan os organismos competentes para o Concello será inasumible.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 15 de xaneiro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis) dos sres/as: Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: 3 (tres) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 15 de xaneiro de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA A INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Popular de data 24 de xaneiro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

O Grupo Municipal Popular no concello de Culleredo con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranase á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acredora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Culleredo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. "Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia"

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ao grupo político do BNG lle gusta moito que se traia ao Pleno unha moción que fala de pedir responsabilidades pero hai tres meses o Partido Popular votou no Parlamento unha iniciativa do BNG e votaron en contra dunha vía xudicial e que lle gusta que pasen das cartas aos feitos e que rectifiquen pero para votar a favor desta moción o BNG solicita se engada unha emenda no senso de "instar á Xunta de Galicia a iniciar no menor prazo a vía xudicial en reclamación das cantidades adebedoras e demandar a derrogación da normativa sobre estabilidade financeira así como da reforma constitucional de 2011 que a sustenta e que afoga a capacidade investidora e a mellora dos servizos públicos das administracións e dos concellos, así como a negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento que hai nos servizos públicos galegos"; que se o grupo político Popular está tan solidario e con tantas gañas de que o grupo político do BNG e o resto de grupos municipais voten a favor da moción, lle deixen engadir esta emenda e reclame xudicialmente.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a moción que trae o grupo político Popular é un claro exemplo do que se pode chamar unha actitude de transformismo político, unha falta de coherencia entre cando se goberna e cando se está na oposición e unha tomadura de pelo a todos os galegos e galegas, debendo recordar, como ben dixo a concelleira do BNG, que o desprazamento dunha mensualidade do IVE foi ocasionado por unha modificación do regulamento de IVE impulsado polo Partido Popular, polo ministro Montoro, do dito partido, con efectos do ano 2017, e que afectaba á liquidación do IVE a percibir pola Xunta de Galicia en 2019; que o Real Decreto 596, do 2016, e o Real Decreto 1075, do ano 2017, ambos os dous decretos, sendo ministro o Sr. Montoro, do Partido Popular, cambian os prazos da última liquidación do IVE, coa introdución dun novo sistema, ocasionando o problema que hai hoxe en día, con informe favorable do Consello de Estado, presidido polo Popular Romay Beccaría e sen alegacións da Xunta de Galicia, aceptando tacitamente o goberno do Sr. Feijoo estes cambios; que na Lei de orzamentos do ano 2019, impulsada polo primeiro goberno do partido socialista, e non aprobada con votos en contra de deputados do Partido Popular, había unha solución que permitía resolver este tema para o futuro, unha solución favorable aos intereses das comunidades autónomas e administracións locais, sendo a nova aprobación desa Lei de orzamentos a que trae esta situación impedindo dar solución e obrigando a novas eleccións xerais; que esta situación afecta ao conxunto de comunidades autónomas de réxime común, sen que haxa conxura ningunha contra a comunidade autónoma de Galicia, pois están tamén afectadas as comunidades autónomas gobernadas polo partido socialista; que unha especie de manobra política para prexudicar a aquelas comunidades que son doutra cor non parece que teña nada que ver coa realidade nin tampouco co puritanismo no que parece que se instauraron ultimamente os cargos do partido popular falando dun "España nos roba" ou coma no día de onte dicía o Sr. Rueba "nos birlaron el IVA" non parece que sexa unha situación de responsabilidade propia do cargo; que é certo que as comunidades autónomas e os concellos están nunha situación de emerxencia financeira ocasionada polas medidas que o Partido Popular tomou nos anos da crise



C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

que se poden entender neses anos duros pero non xa no 2017 en que non se estaba nun escenario que xustificara manter esa Lei de racionalidade ou irracionalidade dos servizos públicos; que defenden que a comunidade autónoma de Galicia pode dispoñer destes recursos e hai que solicitalos e hai que pedilos para afrontar os gastos necesarios nos servizos públicos pero non pode ser a través dun procedemento xudicial como anuncia durante estes días o presidente da Xunta, o Sr. Feijoo, que di que hai que acudir aos tribunais para pedir eses cartos porque agora mesmo o Ministerio de Facenda o que fai é cumprir coas leis aprobadas polo Partido Popular, polo que o que hai que facer neste momento é cambiar esas leis e eses regulamentos para poder recuperar ese IVE e isto pódese facer na aprobación dos presupostos xerais do Estado para o ano 2020 ou a raíz da reforma do sistema de financiamento autonómico, pendente desde 2014 e que debe ser abordado sen máis dilación durante este ano.

Continúa a súa intervención o Sr. Taibo Monelos e di que, en consecuencia, o que o equipo de goberno propón é:

1.- Reclamar a reforma urxente do financiamento autonómico para garantir a autonomía e suficiencia das comunidades autónomas, e singularmente Galicia, para prestar os servizos da súa competencia en igualdade de condicións financeiras co conxunto de España.

2.- Demandar a aprobación rápida dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020 que permita normalizar a relación financeira entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas.

3.- Nese marco, promover unha solución normativa para poder recuperar o IVE do 2017, que se trata dun IVE desprazado, e que se volva á normativa anterior ás leis de Montoro.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere responder ao comentado pola concelleira do BNG sobre instar a vía xudicial fai tres meses, entendendo que este grupo ten que reclamar protagonismo por algún lado e que o ve lóxico pois cada vez vai peor o tema, pero instar a vía xudicial de inicio, evitando o diálogo, é paralizar o proceso, alongándoo no tempo, que non é a idea que tiña o executivo galego nin múltiples comunidades tal como indicou o Sr. Taibo; que se non queda outra opción e se o partido socialista, desde o Goberno, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, non abre as portas e non paga o que debe, haberá que acudir á vía xudicial, ao igual que fixo o Sr. Page, presidente de comunidade autónoma gobernada polo partido socialista, ao igual que os cataláns ou Andalucía; que o Sr. Taibo dixo na sua intervención que a Lei non funciona e que está mal redactada, botando coma sempre balóns fóra do seu tellado cando agora teñen as rendas do goberno de España, xunto co Bloque Nacionalista Galego polo que espera que neste elenco de actitudes monopolísticas que executan unha delas sexa esta reforma e dentro dun ano xa estea este problema solucionado; que con respecto á reclamación dos cartos indica que o seu grupo mira polos veciños e veciñas de Culleredo e non cunha actitude partidista pois non se trata simplemente dun xogo político senón do beneficio dos cidadáns pois non se pode pretender que o contribuínte pague para que logo os seus cartos se convirtan nunha ferramenta política, nun tira e afloxa entre comunidades e Estado que non pode continuar, polo que desde o Partido Popular esixen o voto a favor desta moción.

Seguidamente solicita o uso da palabra a concelleira do grupo politico do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non busca protagonismo e que o Sr. Feijoo abriu a porta á vía xudicial polo que lle sorprende agora que o Sr. Prieto García diga que esa vía non se vai usar.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que pide ao Partido Popular un pouco de coherencia pois se trata dun problema de IVE do 2017 que non é un problema que se xerara hoxe nin onte nin hai unha semana e que se trata dun problema derivado das normas que se aprobaron cando o Partido Popular estaba en Madrid, no tempo do Sr. Montoro, e o que el dixo na súa intervención é que agora do que se trata é de modificar esa normativa para poder recuperar esas liquidacións que se fixeron; que hai que ser consecuentes e dicir o mesmo cando se está no goberno e cando se está na oposición e que non se pode facer o que o Partido Popular fixo coa AP-9 que se ía liberar no 2023, como está pasando agora coa AP-7 ou as autovías ou o corredor do Mediterráneo, e gobernos presididos por Aznar, por Rajoy e con Feijoo xa naquel entonces decidiron prorrogar a concesión da autopista ata o ano 2045, e agora, que hai un cambio no goberno de Madrid, veñen pedir que se liberalice a peaxe da AP-9, pedindo que non se tome o pelo aos veciños pois a xente non é parva e que se actúe con coherencia; que cando se anuncian medidas de que a Xunta vaise poñer en serio co tema de erradicación das velutinas resulta que se enteraron de que o sacan do Fondo de Cooperación cos Concellos, de maneira que son os concellos os que van mermar os seus ingresos para que a Xunta se colgue unha medalla con cartos sempre alleos, ao que por outra parte o goberno socialista está acostumado pois



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

pasou o mesmo co ciclo da auga ou outras moitas cousas; que é un contencioso que afecta a todas as comunidades autónomas e que o partido socialista intentou solucionar este problema nos orzamentos do ano 2019 que foron rexeitados co voto en contra do Partido Popular de Galicia; que o goberno está cumprindo coa lexislación vixente como non pode ser doutra maneira, e comprometerse a modificar esa normativa para poder retornar ese IVE á comunidade autónoma de Galicia e ese é un problema herdado polo que o que ten que facer o equipo de goberno é solucionalo.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que con respecto a falta de coherencia aludida polo Sr. Taibo no seu discurso, a modificación é do ano 2017 e non recorda que durante o goberno do Partido Popular houbera impagos neste senso; que se se quere seguir nesta actitude de sacar temas por todos lados xa non hai que ir ata Madrid e chega con mirar en Culleredo pois de todos é coñecido a hemeroteca que ten o alcalde actual con actuacións prometidas que van ser para seis meses, despois son para dous e finalmente para o mes en curso, e con esta actitude iríanse todos polas ramas polo que o único que vai facer el é pedir o apoio a esta moción para que se poidan recuperar estes cartos para Galicia.

De seguido a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta ao grupo politico Popular se aceptan a emenda proposta polo grupo político do BNG, respondendo negativamente este grupo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular de data 24 de xaneiro de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (tres) dos sres/as García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García,

Votos en contra: 11 (once) dos sres/as: Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: 5 (cinco) dos sres/as: Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo político Popular de data 24 de xaneiro de 2020.

C.I.F. P-1503100-H

## 6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DO PXOM.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político do BNG de data 23 de xaneiro de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

MOCIÓN para a creación da comisión especial do PXOM

No pleno de organización do mes de xuño de 2019, expusemos a nosa sorpresa por que non se creara unha comisión especial para o Plan Xeral de Ordenación Urbana.

A cantidade de novas nos últimos exercicios sobre a inminente ultimación dos tramites finais do PXOM, quitaría as cores na faciana a calquera responsable político con un pouco de decoro.

Hai pouco foi a última, onde se daba unha nova volta á comunicación municipal ao respecto.

A veciñanza de Culleredo está agardando a que teñamos un novo PXOM que aporte seguridade xurídica, que permita coñecer que foi das súas ansias cando se coñeceu en 2012 o documento inicial, que permita saber que foi



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

das súas alegacións, que permita coñecer como vai ser o plan estratexico para o desenvolvemento dun novo Culleredo nos próximos doce anos. Si doce anos que é o novo período de vixencia para o que se deseña. E levamos xa oito consumidos desde que se fixo o documento inicial.

Sacar adiante un documento de planificación desta trascendencia require de transparencia, diálogo e consenso. Debería ser un obxectivo para este mandato e debería aprobarse a tempo para empezar, neste mandato tamén, a desenvolvelo.

Por todo o anterior, queremos propoñer ao Pleno da Corporación, para o seu debate e se procede, aprobación:

1. Que se incoe expediente para a creación dunha comisión especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2. Que canto antes, se convoque formalmente aos grupos políticos para informar da evolución da tramitación do PXOM, que será acompañada dos técnicos do equipo redactor e dos técnicos municipais responsables dos informes internos elaborado, para expoñer os criterios ao respecto. “

| 2099 | 18/12/2019 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 16565/2019 e máis. | |
| 2100 | 18/12/2019 | Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 10817/2019. | |
| 2101 | 18/12/2019 | Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 9222/2019. | |
| 2102 | 19/12/2019 | Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, o día 20-12-2019. | |
| 2103 | 19/12/2019 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obriga (Operación 220190019723). (TERCEIRO: E.C.L. - IMPORTE TOTAL:4.833,95€ ). | |
| 2104 | 19/12/2019 | Concesión a A.V.A e a Y.P.M da licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada na rúa Casal, Sésamo. | |
| 2105 | 19/12/2019 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obriga (Operación 220190019629). (TERCEIRO: SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, SL – IMPORTE TOTAL: 314,60€ ). | |
| 2106 | 19/12/2019 | Concesión a E.V.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
| --- | --- | --- | --- |
| 2107 | 19/12/2019 | Levantamento reparo UIT13I015T que formula a Intervención Municipal e orde de que se continúe coa tramitación do expediente. (Contratación profesor frauta para substitución P.C.P.). | |
| 2108 | 19/12/2019 | Concesión a N.M.U da alta e obtención do carné do CLUB+65. | |
| 2109 | 19/12/2019 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia adxudicación contrato execución subministro: "Compra gravadoras Radio Culleredo" | |
| 2110 | 19/12/2019 | Concesión a M.V.G da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 2111 | 19/12/2019 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.R.B.R. dos recibos de electricidade do período que vai do 12 de decembro ao 14 de xaneiro (26,83€) e máis. | |
| 2112 | 19/12/2019 | Corrección erro detectado na parte resolutiva da resolución número 1957 do 25 de novembro de 2019. | |
| 2113 | 20/12/2019 | Solicitude subvención para o anteproxecto da obra "Acondicionamento del parque Torre de Celas (Celas) Concello de Culleredo, año 2020" cun orzamento total de 42.894,38 IVE incluído. | |
| 2114 | 20/12/2019 | Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23-12-2019. | |
| 2115 | 20/12/2019 | Disposición, recoñecemento da obriga e orde de pago da factura (operación 220190019942) TERCEIRO: LOMAR IMPRESORES SLU – IMPORTE TOTAL: 2.649,90 €. | |
| 2116 | 20/12/2019 | Outorgamento a C.L.T.C.C. da autorización demanial para ocupación do dominio público local no lugar EXPLANADA DO PASEO MARÍTIMO DO BURGO do 20-12-2019 ao 12-01-2020. (Espectáculo SONOS MÁXICOS DE NADAL). | |
| 2117 | 20/12/2019 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/105. Terceiro: EMPRESA MONFORTE SA – IMPORTE TOTAL: 417,45 € e máis. | |
| 2118 | 20/12/2019 | Convocatoria sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 26-12-2019. | |
| 2119 | 20/12/2019 | Aprobación liquidacións contidas padróns presentados Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canón auga 4º trimestre 2019 e autorización cobro correspondentes recibos. | |
| 2120 | 20/12/2019 | Consideración como expropiado da parcela 7 do "Proxecto expropiación por taxación conxunta de terreos para equipamento escolar e zona verde anexa na Avda. de Rutis s/n" á Fundación Pedro Barrié de La Maza, Conde de Fenosa. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
|---|---|---|---|
| 2121 | 20/12/2019 | Abono por importe de 3000 euros en concepto de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "Culleredo verde" ás empresas JARDINERIA ARCE SL e ORTO PARQUES Y JARDINES SL. | |
| 2122 | 16/05/2019 | Aprobación bases “Convocatoria axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea dirixido as empresas de xardinería”. | |
| 2123 | 23/12/2019 | Asunción pola alcaldía-presidencia da suplencia da Concelleira delegada de Facenda, patrimonio e administración electrónica, Marta María Iglesias Becerra o día 27 de decembro de 2019 sen que implique alteración da competencia. | |
| 2124 | 23/12/2019 | Acceso ao solicitado por A.F.Z. e deixar establecido o horario fixo de presenza nos termos recollidos no Convenio Colectivo do Concello de Culleredo para o seu posto de traballo. | |
| 2125 | 23/12/2019 | Concesión a G.J.G.M. da alta e obtención do carné do CLUB+65 | |
| 2126 | 23/12/2019 | Baixa licenza municipal de ocupación vía pública a J.P.M para mesas e cadeiras para a terraza do establecemento sito na rúa Anxo Senra Fernández cunha ocupación de 18 m2, con efectos a 31 de decembro de 2019. | |
| 2127 | 23/12/2019 | Baixa licenza municipal de ocupación vía pública a A BARQUIÑA SL para mesas e cadeiras para a terraza do establecemento sito na praza Santa Gema cunha ocupación de 12 m2, con efectos a 31 de decembro de 2019. | |
| 2128 | 23/12/2019 | Baixa licenza municipal de ocupación vía pública a CERVECERÍA EL HOYO SL para mesas e cadeiras para a terraza do establecemento sito na rúa Costa da Lonxa cunha ocupación de 19,10 m2, con efectos a 31 de decembro de 2019. | |
| 2129 | 23/12/2019 | Baixa licenza municipal de ocupación vía pública a CERVECERÍA BLUE TRAIN SC para mesas e cadeiras para a terraza do establecemento sito na rúa Ferrocarril cunha ocupación de 21 m2, con efectos a 31 de decembro de 2019. | |
| 2130 | 23/12/2019 | Requirimento a R.A.M.C. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo CITROEN XSARA de cor gris sito na rúa Pablo Iglesias. | |
| 2131 | 23/12/2019 | Requirimento a P.A. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo ROVER 220 SD de cor branco sito na CP 3109. | |
| 2132 | 23/12/2019 | Concesión permiso vertedura sistema público de saneamento á FUNDACIÓN CTRO TÉCNOLOGICO DE INVESTIGACIÓN MULTISECTORIAL, actividade "outra investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas" nunha nave no Polig. Ind. Alvedro. | |
| 2133 | 23/12/2019 | Aprobación dos xustificantes incluídos na relación J/2019/4 e reposición de cantidades anticipadas. | |
| 2134 | 23/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/103. Terceiro: H.R.C. - IMPORTE TOTAL: 108,90 € e máis. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
|---|---|---|---|
| 2135 | 23/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/104. Terceiro: LIMPEZAS E SERVIZOS XALO SL- IMPORTE TOTAL: 287,07 € e máis. | |
| 2136 | 23/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/106. Terceiro: UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA - IMPORTE TOTAL: 2.605,00 € e máis. | |
| 2137 | 23/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/107. Terceiro: NEDGIA GALICIA SA-IMPORTE TOTAL: 191,31 € e máis. | |
| 2138 | 23/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/108. Terceiro: JARDINCELAS SL-IMPORTE TOTAL: 2.855,68 € e máis. | |
| 2139 | 23/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/109. Terceiro: NEA F3 IBERICA SL-IMPORTE TOTAL: 521,78 € e máis. | |
| 2140 | 23/12/2019 | Aboamento a E.F.G. servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo desde o mes de febreiro ao mes de abril de 2019. | |
| 2141 | 23/12/2019 | Aprobación dun expediente de transferencia de crédito por importe de 88.230,00 €. | |
| 2142 | 23/12/2019 | Adxudicación da execución da obra "reparación no depósito da Corveira, incluído no POS + 2018" á empresa ESPINA&DELFIN SL polo prezo de 73.488,48 € IVE engadido. | |
| 2143 | 23/12/2019 | Adxudicación da execución da obra "Remodelación de praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa)" á empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL polo prezo de 216.590,00 € IVE engadido. | |
| 2144 | 26/12/2019 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 de A Coruña, no procedemento abreviado 200/2019. | |
| 2145 | 26/12/2019 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 da Coruña, no procedemento abreviado 234/2019. | |
| 2146 | 26/12/2019 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 da Coruña no procedemento abreviado 261/2019-L. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
| --- | --- | --- | --- |
| 2147 | 26/12/2019 | Anulación da liquidación practicada no cuarto trimestre de 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,66€/m3, a L.M.V. | |
| 2148 | 26/12/2019 | Adxudicación da execución do subministro "Reforma para o aforro enerxético nos alumeados públicos das prazas de Santa Gema, As Brañas, R/Ferrocarril, Celas e urbanización A Ría, POS+2018" á INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL polo prezo de 37.985,92 € | |
| 2149 | 26/12/2019 | Aprobación do expediente de contratación para o subministro de electricidade en alta e baixa tensión do Concello de Culleredo cunha duración de dous anos. | |
| 2150 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento da obriga que se especifica 220190020553. TERCEIRO: Ofimega, SL - Importe: 23,44 €. | |
| 2151 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2019/110. Terceiro: GESTION Y TECNICAS DEL AGUA SA, Importe: 111,71€ e máis. | |
| 2152 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2019/111. Terceiro: SANSIGA SL, Importe: 17968,50€ e máis. | |
| 2153 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2019/112. Terceiro: ELECTRICIDAD PERMUY SL, Importe: 945,31€ e máis. | |
| 2154 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2019/113. Terceiro: LIMPEZAS E SERVICIOS XALO SL, Importe: 2.545,25€ e máis. | |
| 2155 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2019/114. Terceiro: INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL, Importe: 502,32€ e máis. | |
| 2156 | 26/12/2019 | Levantamento reparo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican O/2019/115. Terceiro: ALIANZAS Y SUBCONTRATAS SA, Importe: 1.168,86€ e máis. | |
| 2157 | 26/12/2019 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación de pago de facturas incluidas na relación O/2019/116. Terceiro: ASOCIACION DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS, Importe: 4.000,00€ e máis. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
|---|---|---|---|
| 2158 | 26/12/2019 | Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura incluída na relación 220190020552. Terceiro: R.N.N. Importe: 92,10 €. | |
| 2159 | 27/12/2019 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30-12-2019. | |
| 2160 | 30/12/2019 | Abonamento a E.P.M. e R.B.O. horas extras por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo. | |
| 2161 | 30/12/2019 | Atribución a J.C.S.R. das funcións de xefe de Servizo de Seguridade cidadá e protección civil ata o 7 de xaneiro de 2020 de forma accidental. | |
| 2162 | 30/12/2019 | Asunción pola alcaldía-presidencia da suplencia da Concelleira delegada de Seguridade cidadá e persoal, D.ª Marta María Figueroa Fuentes os días 2 e 3 de xaneiro de 2020 sen que implique alteración da competencia. | |
| 1 | 03/01/2020 | Concesión licenza municipal núm. 430 para uso especial dominio público, reserva de espazo entrada e saída de vehículos para local sito na Avda. de Fonteculler á RIMIGRAF SL. | |
| 2 | 03/01/2020 | Contratación de R.S.T. como profesora de música na especialidade de frauta cun contrato de traballo a tempo parcial de interinidade ata finalización da excedencia voluntaria da titular do posto. | |
| 3 | 03/01/2020 | Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 08-01-2020. | |
| 4 | 03/01/2020 | Adxudicación da execución do deseño, produción e aluguer de 6 carrozas para a cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro de 2020 á empresa ANIMACIÓN Y EVENTOS SL, no prezo de 24.926,00 € IVE engadido | |
| 5 | 09/01/2020 | Aprobación devolución a D.F.M da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 666,80 € máis 59,19€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso. | |
| 6 | 09/01/2020 | Aprobación devolución a B.D.R. e M.D.R.R. da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 470,04 € máis 39,75€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso. | |
| 7 | 09/01/2020 | Aprobación devolución a M.M.P. da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 688,84 € máis 32,84€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso. | |
| 8 | 09/01/2020 | Aprobación devolución a G.Q.L e M.C.S.S. da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 3.201,86 € máis 204,49€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso. | |
| 9 | 09/01/2020 | Aprobación devolución a ABANCA CORPORACION DIVISION INMOBILIARIA SL da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 148,43 € máis 8,49€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
|---|---|---|---|
| 10 | 10/01/2020 | Concesión a F.R.R. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 11 | 10/01/2020 | Concesión a N.L.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |
| 12 | 10/01/2020 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13-01-2020. | |
| 13 | 10/01/2020 | Aprobación indemnización por desempeño accidental do posto de secretaria do Concello os días 23, 26 e 27 de decembro a favor de M.N.F.B. | |
| 14 | 10/01/2020 | Requirimento a CLUB XALO OFFROAD para presentación no prazo de 10 días de documentación relativa á solicitude de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións . | |
| 15 | 10/01/2020 | Baixa da licenza municipal de ocupación de vía pública á EL MERCADO DEL BURGO SL para mesas e cadeiras terraza da cafetería sita na rúa Costa da Lonxa, con efectos do 31 de decembro de 2019. | |
| 16 | 10/01/2020 | Baixa da licenza municipal de ocupación de vía pública concedida a BODAÑO Y PASCUAL ASOCIADOS SL para terraza café-bar sito na rúa Moncho Reboiras, con efectos do 31 de decembro de 2019. | |
| 17 | 10/01/2020 | Delegación na concelleira da Corporación D.ª María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.P.A. e D.M.C.M. o día 11-01-2020 ás 13.30 horas. | |
| 18 | 13/01/2020 | Baixa da licenza municipal de ocupación vía pública concedida a D.V.C. para mesas e cadeiras da cervexería sita na avda. de Galicia, con efectos a 31 de decembro de 2019. | |
| 19 | 15/01/2020 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 15487/2019 e máis. | |
| 20 | 15/01/2020 | Inicio novo expediente sancionador. Expte. 18674/2019. | |
| 21 | 15/01/2020 | Imposición sanción en materia de tráfico. Expte. 14235/2019. | |
| 22 | 15/01/2020 | Adxudicación execución obra "Instalación cesped artificial e adecuación perímetro en campo de fútbol Os Loureiros" á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL no prezo de 240.792,70 € IVE engadido. | |
| 23 | 15/01/2020 | Aprobación liquidación correspondente ao ano 2018 e 2019 relativas á taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a J.A.L.C por importes de 977,20€ respectivamente | |
| 24 | 15/01/2020 | Denegación solicitude de exención no IIVTNU a M.M.P. por non acreditar que se dean ningún dos supostos establecidos no artigo 105 da lei de facendas locais e aprobación da liquidación por importe de 367,03 €. | |
| 25 | 15/01/2020 | Concesión a A.S.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
|---|---|---|---|
| 26 | 15/01/2020 | Concesión permiso vertedura ao sistema público de saneamento a J.H.F. para actividade de perruquería e outros tratamentos de beleza para local sito na rúa Celso Emilio Ferreiro. | |
| 27 | 16/01/2020 | Autorización do uso especial dos terreos de dominio público municipal a UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA para LMT, CT, RBT LUGAR DE SÉSAMO. | |
| 28 | 16/01/2020 | Autorización do uso especial dos terreos de dominio público municipal a UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA para PROVISION DE SERVICIO EN B.T. Lg VINXEIRA GRANDE. | |
| 29 | 16/01/2020 | Autorización do uso especial dos terreos de dominio público municipal afectados para a retirada de CABINAS-SETA ubicadas en Pza Europa e Avda. da Coruña a R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA. | |
| 30 | 16/01/2020 | Autorización do uso especial dos terreos de dominio público municipal para acometida de gas natural canalizado na rúa Andrés Pan Vieiro a NEDGIA GALICIA SA. | |
| 31 | 16/01/2020 | Concesión permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a G.A.R. para actividade "outra educación n.c.o.p." nun local sito na avda. Vilaboa. | |
| 32 | 16/01/2020 | Concesión permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a ASOCIACION DAÑO CEREBRAL A CORUÑA para “actividades servizos de sociais sen aloxamento para persoas con discapacidade na R/ Irmáns Suárez Ferrín. | |
| 33 | 16/01/2020 | Outorgamento licenza municipal para posesión animais potencialmente perigosos número 151 a F.J.C.C. | |
| 34 | 16/01/2020 | Rexistro animal potencialmente perigoso co número 133. P.R.G. | |
| 35 | 17/01/2020 | Concesión a A.G.Q. e N.R.P. da licenza solicitada para construción vivenda unifamiliar en Celas de Peiro. | |
| 36 | 17/01/2020 | Concesión a G.C.S. e S.R.N. da licenza solicitada para reformado de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar e peche da parcela en Peiro de Arriba. | |
| 37 | 17/01/2020 | Imposición sanción en materia de tráfico. Expte 16533/2019 | |
| 38 | 17/01/2020 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 19973/2019 e máis. | |
| 39 | 17/01/2020 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20-01-2020. | |
| 40 | 17/01/2020 | Non concesión licenza municipal para uso especial de dominio público, reserva de espazo de entrada e saída de vehículos para local sito en rúa Dereitos Humanos, solicitada por J.P.P.L. | |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-01-2020 |
|---|---|---|---|
| 41 | 17/01/2020 | Aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra de "Acondicionamento polideportiva descuberta da praza Europa". | |
| 42 | 17/01/2020 | Concesión redución da reserva de espazo para entrada e saída da licenza para uso especial de dominio público número 403 para local sito na Rúa Visitación de la Encina pasando de 5 ml a 3 ml. | |
| 43 | 17/01/2020 | Outorgamento licenza municipal para posesión animais potencialmente perigosos número 152 a M.L.V.M. | |
| 44 | 20/01/2020 | Levantamento do reparo UIT14I0006 que formula a Intervención municipal xeral e orde continuación tramitación expediente. (Contratación profesor/a de música na especialidade de trompeta ata a reincorporación J.M.F.B.). | |
| 45 | 20/01/2020 | Declaración caducidade inscricións Padrón Municipal de Habitantes, por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de 2 anos, e baixa con efectos 23-11-2019 C.P.Z.G. e máis. | |
| 46 | 20/01/2020 | Declaración caducidade inscricións Padrón Municipal de Habitantes, por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de 2 anos, e baixa con efectos 23-11-2019 N.T.D. e máis. | |
| 47 | 20/01/2020 | Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, do día 22 ao 24 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos. | |
| 48 | 20/01/2020 | Concesión a J.M.P.G. e M.V.N. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no lugar de Fornos, parroquia de Sueiro. | |

**11.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación munciipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I015C)
- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I015A)
- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I0159)
- Informe de data 12/12/2019 (código de documento UIT13I015T)
- Informe de data 05/12/2019 (código de documento UIT13I0152)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I0168)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I016P)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I016Q)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I0164)
- Informe de data 20/12/2019 (código de documento UIT13I017L)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I0161)



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I016D)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I016F)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I016Q)
- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I015B)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012V)
- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I0156)
- Informe de data 17/12/2019 (código de documento UIT13I016E)
- Informe de data 09/01/2020 (código de documento UIT14I0006)

## 12.- MOCIÓNS URXENTES

A Presidencia, de conformidade co establecido no artigo 79.4 do ROM en relación co 85.5 do citado texto, somete á aprobación do Pleno, por razóns de urxencia, a moción do grupo político do BNG, de data 24 de xaneiro de 2020, relativa a dar apoio aos traballadoras da empresa Isidro 1952 – Isidro de la Cal. Sometida a votación a declaración de urxencia e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Presidencia somete a debate a moción do grupo político do BNG, de data 24 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

C.I.F. P-1503100-H

MOCIÓN EN DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO EN ISIDRO 1952 – ISIDRO DE LA CAL

A empresa Isidro 1952, continuadora directa da antiga Isidro de la Cal, é por envergadura e istoria unha empresa emblemática dentro das industrias do mar nucleadas arredor do porto da Coruña. Falamos dunha firma líder durante décadas na exportación de peixe fresco, que deu no seu día o salto á elaboración de conxelados e que acometeu a principios do século un importante salto de modernidade ao abrir no cambrés polígono do Espiritu Santo unha factoría con capacidade para procesar peixe, cefalópodos, crustáceos e moluscos valorada en máis de 100 millóns de € e que a mediados desta década recibiu un novo e definitivo impulso na elaboración de produtos con alto valor engadido ao incorporar a que pasa por ser a mellor e maior liña de producción de sushi do estado español.

Malía garantir a venda inmediata da práctica totalidade da súa producción, como demostra a inxente carga de traballo soportada polo seu cadro de persoal e as cifras declaradas de facturación, que en determinadas anualidades chegaron a superar os 50 millóns de €, a empresa, hoxe en mans dun artefacto societario, en grande parte descapitalizada e fragmentadas diversas liñas de traballo en distintas razóns sociais, foi incapaz de minguar unha débeda que, segundo fontes do comité de empresa, supera os 70 millóns de € e xustificou a presentación dun ERE no pasado mes de decembro, o retraso no pagamento de nóminas e a incursión en concurso de acredores esta mesma semana, a petición da titularidade da empresa.

A empresa, que mantén a duras penas os seus activos piscícolas, onde ademais do rodaballo e as troitas, sobresae por ser a primeira e única firma do mundo en criar e comercializar ollomol, sendo pois un emblema do sector mar a nivel internacional, presenta graves e dificilmente explicábeis problemas de xestión que fan perigar seriamente a pervivencia da empresa e con ella dos postos de traballo, empregos que por certo son, nun número superior aos 200, maioritariamente femininos, a xornada completa, indefinidos e cunha alta cualificación profesional.

Segundo a información facilitada polo comité de empresa, ao longo dos últimos anos, tanto Isidro de la Cal como Isidro 1952 teñen recibido importantes axudas públicas por parte da admnistración galega através de diversas liñas



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

de axuda de distintos departamentos da Xunta, nomeadamente do Igape, podendo chegar o monto total aos 20 millóns de €.

Por todo o anterior, o pleno municipal insta á Xunta de Galiza a:

1.- Aclarar e detallar a situación, cuantía, orixe e obxeto da totalidade das axudas públicas achegadas á empresa. 2.- Realizar un seguimento e control efectivo das axudas, subvencións e créditos efectivizados. 3.- Mediar con acredores, clientes actuais, pasados e potenciais asi como posíbeis inversores. 4.- Asignar os recursos públicos oportunos para garantir a pervivencia da actividade das factorías e o mantemento dos postos de traballo. 5.- Exercer as accións xudiciais que de posíbeis neglixencias tanto na xestión da propia empresa como das axudas públicas puidera derivarse."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 24 de xaneiro de 2020, resultando aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

**13.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo teñen dúas preguntas, sendo a primeira delas referida á reposición das farolas que faltan na avda. Xoan Carlos I sobre a que hai unha preocupación por parte da veciñanza pola falta de luminosidade nese tramo; que a segunda pregunta é sobre que medidas se están a adoptar desde o Concello sobre a reposición das baldosas ao longo do Paseo Marítimo que ocasionan nalgúns tramos problemas para os viandantes.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra a sra. Alcaldesa en funcións e di que toma nota das dúas preguntas e que serán contestadas no próximo pleno.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten dúas preguntas para facer nesta sesión, sendo a primeira delas referida a que nos últimos meses, e especialmente nos últimos dez días, tendo coñecemento o BNG de que incluso houbo incidentes o día 21 deste mes, realizáronse entubaxes que produciron inundacións en varios puntos do Concello, producíndose o día 21 no Burgo e en Acea da Ma onde se recibiron alomenos tres avisos de incidencias; que se informaron con profesionais deste tipo de servizos e confirmaron que se trataba de incidentes relacionados con sobrecargas e excesos na presión e que a responsabilidade neste caso sería de EMALCSA polo que lles gustaría saber se desde o Concello teñen informados estes incidentes e se informaron a EMALCSA acerca deles e se teñen pensado reclamar para que EMALCSA se faga responsable dos desperfectos provocados que nalgúns casos foron bastante graves chegando a inundarse algún garaxe na zona da Cross ou para que polo menos dea explicacións de por que se están dando este tipo de incidentes.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que a segunda pregunta estaba xa presentada para a súa resposta na comisión pero ao estar ausente o alcalde díxose que non se respondería polo que agarda que agora si se poida responder e é relativa á licenza urbanística duns recheos na parroquia de Sésamo porque víronse varios anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, anuncios do Servizo Territorial da Zona Galicia Norte, de Augas de Galicia e a simple vista xa se ve que as obras de recheo están feitas polo que lles gustaría preguntar se o equipo de goberno ten coñecemento destas obras de recheo e se contan coa preceptiva licenza urbanística e se se teñen aboado por parte do interesado as cotas tributarias relativas á taxa e a licenza urbanística.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa en funcións e di que esta segunda pregunta estaba para comisión e que ela non sabía que era específica de comisión e que se responderá nesta sesión polo voceiro do grupo socialista, ao que lle dá a palabra.

De seguido, o Sr. Taibo Monelos fai uso da palabra concedida e di que a pregunta ten que ver cunhas obras de recheo que se fixeron nunha zona da Ribeira e Torneiro no polígono 46 na parroquia de Sésamo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia; que se trata dun recheo de terras que ten a súa orixe nun expediente que se iniciou no 2010 cando un particular solicita facer alí un recheo de terras e que ten informe favorable da Xunta de Galicia, de Augas de Galicia, e informe favorable do Ministerio de Fomento para acondicionar e facer ese recheo de terras, contando tamén con  informe favorable dos técnicos municipais, concretamente do enxeñeiro municipal xefe da área de medio ambiente, servizos e obras don Edmundo Varela Lema, da área de servizos e obras, don Manuel González González e tamén do xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras no seu momendo, don Ricardo Cid Rey; que contando con todos os informes favorables, ditouse un oficio no ano 2012 no cal se informaba que se entendía que se daban por perfectamente terminados os traballos autorizados no seu día e acompañábase unha reportaxe fotográfica e se condicionaban eses recheos ás autorizacións concedidas e o concelleiro responsable nese momento ditou un oficio autorizando ese recheo entendendo que se cumplian todos os requisitos legais ao estar no expediente todos os informes favorables; que se trata dun expediente que no seu momento contou cunha serie de denuncias, que acudiu o Seprona e arquivou as actuacións ao entender que se encontraba perfectamente feito ese recheo; que en canto á liquidación da taxa non consta que se teña liquidado atopándose neste momento pendentes de recibir un informe de Intervención, crendo nun principio que non hai nada liquidado e en caso necesario, procederíase a facer a liquidación da taxa referida.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que considera que a pregunta non se responde e que o que solicitou saber é se o dito recheo conta coa preceptiva licenza urbanística; que o voceiro do equipo de goberno falou de informes de obras, de medio ambiente, dun permiso de obras, pero non respondeu se é preciso e se ten licenza urbanística; que para que a xente se poña en contexto di que se fala duns terreos polos que ten interese, según conta a prensa, un centro privado de Educación para facer un centro de educación na parroquia de Sésamo, que se pretende facer nuns terreos de solo rústico sobre os que se fixeron recheos tal como se indica nos anuncios que non son do 2010 senón do 2015, 2017 e 2018, nos que se fala de aproveitamentos agrícolas, quedando claro que eses recheos non foron destinados a aproveitamentos agrícolas e agora van destinarse a un plan especial para un centro educativo privado; que pola última xunta de goberno local se soubo que se pagaron máis de 100.000 euros do custo inicial por un terreo para o colexio público Vila de Rutis en Vilaboa e por non falar xa do 1.500.000 euros que se pagaron de máis por uns terreos para o CEIP Ría do Burgo, véndose que mentres para a construción de centros públicos, sen ningún tipo de planificación se están pagando sobrecustos pola falta de defensa do Concello dos seus propios intereses, non se tramitan as licenzas necesarias para recheos nos que se van realizar centros privados.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, lle pide ao Sr. Méndez Mosquera que non mesture churras con merinas pois sobre o centro Vila de Rutis hai que pagar unha cantidade a maiores do que no seu momento se consignou porque os propietarios acudiron ao Xurado de Expropiación Forzosa  e este entendeu que correspondía unha maior cuantía, o que non quere dicir que houbera mala xestión senón que os peritos do Xurado entenderon que eses terreos custaban máis do consignado; que o BNG pregunta sobre os recheos de terras nas parcelas e el repite que están todos os informes favorables, tanto os informes técnicos municipais como os da Xunta ou os do Ministerio e existe tamén unha autorización do concelleiro que nese momento tiña competencias na materia que informa ao promotor que non ten inconveniente en acceder ao solicitado sobre o recheo de terras co cual entende que si que existe esa autorización.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que vai solicitar que se lle permita contextualizar o rogo que vai facer e que o considere personalizado no Sr. alcalde; que o podería facer en modo pregunta e preguntar que pasa co orzamento e cando se vai aprobar e seguramente o que contestarían sería que hai problemas técnicos, que non hai persoal ou que están de baixa ou un



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

sinfín de respostas que sempre van ao persoal do Concello ou a competencias da Xunta ou doutras persoas pero nunca do equipo de goberno; que o equipo de goberno, o 21 de novembro, instaron un pleno extraordinario para facer os consellos sectoriais porque había que aprobar o orzamento e houbo unha xuntanza destes consellos sectoriais na que o Sr. alcalde dixo textualmente que “Ata o de agora tiñamos problemas para aprobar o orzamento porque os demáis grupos desta Corporación non nos deixaban aprobalo pero agora que temos maioría é diferente; o próximo 13 de xaneiro teremos un pleno para os orzamentos e coas alegacións, os trámites e todo o necesario, en febreiro estaremos a pleno rendemento”, véndose agora que pasado mañá non haberá orzamento; que tamén lles dixo ás asociacións que lles entregaría as propostas para o orzamento participativo nese consello xeral, dirixíndose á Presidencia para preguntar como un goberno co Sr. Alcalde á cabeza, ou descabezado, con cinco dedicacións exclusivas, con tres medias dedicacións, cunha dedicación por riba das medias, con dous freelance, non é capaz de traer en tempo e forma uns orzamentos ao Concello; que precisa, que pasa, que hai un par de días Fernando Vázquez dicía algo así como que se o dépor queda en segunda ía subir ao Ézaro en bicicleta, comprometéndose ela a subir ao Xalo en bicicleta cando o Sr. Rioboo aprobe os orzamentos en tempo e forma pero este ano xa non vai poder ser, rogando traian o orzamento ao pleno e antes leven as propostas ao Consello Xeral de Participación Cidadá.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo, no pleno anterior, presentou unha moción solicitando a regularización de todos aqueles servizos que se están a prestar sen contrato e que todos os meses levan asociados os correspondentes reparos de Intervención, moción que non foi apoiada polo equipo de goberno que sabe que coa súa actuación está vulnerando de forma reiterada a normativa contractual, solicitando se indique a previsión que hai para a regularización de cada un deses servizos, ou polo menos en que mes se prevé que cada un destes servizos estea regularizado conforme á Lei de contratos.

Fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa en funcións e di que dará traslado da pregunta para responderlle.

Continúa coa súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que hai outro tema pendente que é o das becas pois no mes de outubro o seu grupo presentou unha moción sobre as becas de comedor que foi aprobada por unanimidade e o equipo de goberno dixo que a apoiaban pero que no mes de novembro ían saír unhas becas marabillosas, sen que ata a data saíra nada; que no mes de decembro preguntaron por este tema e se lles dixo que había que elaborar un regulamento, indicando que se atopa na sesión a concelleira de Educación e que ao mellor ela sabe contestar.

Fai uso da palabra a Sra alcaldesa en funcións e di que o tema de becas estipúlase para servizos propios do Concello e ten que contar cun informe favorable que indique que non hai duplicidade no servizo para que o Concello poida sacar esas becas e que agora o Concello está agardando un informe por parte da Xunta que indique que non se dá esa duplicidade e que o Concello pode sacar o tema das becas.

Continúa coa súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que non sabe entón como fan noutros concellos e que ao mellor terían que preguntar nalgún como fan porque algo falla cando un goberno con maioría absoluta non ten o tema das becas arranxado nin o presuposto aprobado.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións dicindo que os informes son necesarios porque non pode existir duplicidade; que o equipo de goberno solicitou ditos informes e cando se reciban actuarase en consecuencia.

De seguido solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está preocupado tamén pola xestión que fai o equipo de goberno dos fondos Edusi polo escurantismo que hai, cunha web que non funciona e que non aporta información, preguntando que prazo hai nestes fondos para a súa licitación e a súa execución, se se van perder cartos deixando de ingresar os

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

fondos que Europa concedeu, e que obras están pendentes de execución a cargo deses fondos, se se está aínda en tempo e forma de presentalo ou xa se dá por perdido.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións dicindo que ela non pode dicir cales son os prazos previstos nin as obras pero que os fondos non se van perder e que se lle responderá na próxima sesión plenaria.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que hai unhas obras pendentes en Vilaboa e que xa caeu un terraplén en Fonte da Balsa, preguntando se o Concello ten previsto facer alí algunha actuación de limpeza, de contención dese muro porque parece que hai perigo de que a terra siga caendo e poidan caer os postes de luz que alí hai.

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións dicindo que ela sabe que os técnicos municipais pasaron pola zona pero non pode concretar máis.

A continuación pregunta a Sra. García Gorostizu pola obra da praza da Igrexa que tamén se ía comezar en xaneiro e está pendente.

Fai uso da palabra a Sra. Pombo Carril e di que non pode tampouco concretar prazos e que se responderá tamén na próxima sesión plenaria.

Remata a súa intervención a Sra. García Gorostizu dicindo que, por último, o seu grupo roga que se dote a pista deportiva que hai xunto ao Sofía Casanova pois non ten nada e solicita se coloquen unhas porterías, unhas canastas, etc., para que poida ser utilizada polas persoas novas do Concello

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
A alcaldesa en funcións
(asinado dixitalmente nesta data pola concelleira de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesa data)

POMBO CARRIL, MARÍA GUADALUPE
Concelleira delegada de Política social, mocidade e promoción do deporte
17/02/2020 09:59

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
14/02/2020 13:03

C.I.F. P-1503100-H